

RESUMO DA SESIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 31 DE OUTUBRO 2007

Ás 10.00 horas, en segunda convocatoria, na Sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I**.

1. Informe do reitor

O Sr. Reitor comeza a súa intervención dándolles conta aos membros do Consello de Goberno da publicación no *Diario Oficial de Galicia* do día 17 de outubro de 2007 da reforma dos Estatutos da Universidade da Coruña, aprobada polo Claustro na sesión do día 29 de maio de 2007. Igualmente, dálles conta da publicación no *Boletín Oficial do Estado* do día 30 de outubro de 2007 do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, que establece a ordenación do ensino universitario oficial. Continúa coa súa intervención informándoos da visita institucional realizada o pasado día 15 de outubro ao Concello de Ferrol co vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa e da visita institucional realizada o día 3 de outubro polo Sr. Tello León, primeiro tenente de alcalde do Concello da Coruña, á nosa universidade para coñecer o parque tecnolóxico, entre outra cousas.

Remata a súa intervención expresando o pesar da Universidade da Coruña pola defunción de don Antonio Pernas Puente-Penas, catedrático de escola universitaria da Área de Coñecemento Cirurxía do Departamento de Medicina da nosa universidade.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Xerente, quen centra a súa intervención informando das principais novidades existentes en materia de persoal de administración e servizos desde a última sesión do Consello de Goberno. En primeiro lugar, da sinatura dun convenio de mobilidade coas universidades de Santiago de Compostela e de Vigo. En segundo lugar, da execución do concurso do persoal de administración e servizos funcionario, en que se rexistrou un número elevado de movementos (un total de 99 funcionarios) e a respecto do que quere que conste en acta o seu agradecemento expreso ao Servizo do Persoal de Administración e Servizos polo inmenso traballo realizado neste sentido. En terceiro lugar, do concurso do persoal de administración e servizos laboral, que xa

rematou, sen que se rexistrasen incidencias. En cuarto lugar, da oposición do grupo D), corpo xeral, en que xa se teñen realizado algunhas probas, a pesar da súa complexidade, motivada polo importante número de aspirantes (aproximadamente 1400), dos que se presentou só a metade. En quinto lugar, o proceso que afecta ás bibliotecas, que xa está practicamente rematado e só falta o exercicio de galego do grupo B) (quenda libre) e do grupo C) (quenda libre), que está en proceso de trámite. En sexto lugar, da promoción interna do grupo C), corpo xeral, que está en proceso de trámite. E por último, da convocatoria do grupo IV de persoal de administración e servizos laboral, que foi informada polo Comité de Empresa e vai ser publicada.

Unha vez finalizada a súa intervención, o Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica, que intervén para informar sobre a evolución da matrícula a día de hoxe para o curso académico 2007/08. Sobre a base de que se trata de datos provisorios, dálles conta aos membros do Consello de Goberno de que o número de matriculados en primeiro e en segundo ciclo é de 21.570 (21.949 no curso pasado). Tamén de que o número de alumnos de primeira matrícula na titulación é de 3.522 (3.355 no curso pasado), rexistrándose un incremento do número de alumnos novos. O número de matriculados por Internet é aproximadamente do 53% (47% o curso pasado). E, por último, o número de alumnos de terceiro ciclo ascende a 1250 (845 no curso pasado). Aínda que son datos provisorios, a Sra. Vicerreitora, quen informará de novo do tema unha vez que os datos sexan definitivos, coida que se pode facer unha valoración positiva e favorable para a nosa universidade.

A Sra. Vicerreitora de Organización Académica aproveita este punto da orde do día para informar do estudo que se realizou sobre a aplicación da avaliación por compensación na Universidade da Coruña, a raíz da petición realizada polo Sr. Pena Agras. Para tales efectos, pedíuselles aos centros que enviasen información sobre as solicitudes presentadas nos cursos académicos 2004/2005, 2005/2006 e 2006/2007 e que indicasen cales foron positivas, cales negativas, as causas e as materias solicitadas, sen prexuízo de engadir calquera comentario que considerasen oportuno. O resultado do estudo permite concluír que non é eficaz, pois semella que non cumpre os obxectivos para os que foi creada. En xeral, das solicitudes presentadas só son favorables o 15%. Polo demais, os centros comentan que o número de solicitudes formalizadas é realmente baixo, debido a que os alumnos xa

desisten de facelo en tanto que son conscientes de non cumpriren os requisitos.

De termos en conta isto e sobre a base de que o Sr. Pena Agras solicita unha modificación da normativa, a Sra. Vicerreitora de Organización Académica informa aos membros do Consello de Goberno de que na seguinte sesión deste órgano colexiado se fará unha proposta de modificación da normativa para paliar tales eivas.

Despois de rematar a súa intervención, o Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen informa das convocatorias de prazas polo procedemento de urxencia que figuran no **anexo II**, que se realizaron desde a última sesión do Consello de Goberno.

Despois de rematar a súa intervención, o Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen informa de imputación de obrigas xeradas no exercicio 2006 ao 2007 logo do informe do Servizo de Intervención, que foi executada desde a última sesión do Consello de Goberno. Realizouse a validación de expedientes de gasto por valor de 4.295,45 euros.

Despois de rematar a súa intervención, o Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea, quen informa das alegacións formalizadas pola Universidade da Coruña a respecto do documento sobre directrices de implantación dos títulos de grao da Xunta de Galicia, sinaladamente en todo o relativo ao número mínimo de estudantado matriculado e á defensa de todas as titulacións existentes mediante planos específicos de viabilidade. Igualmente, informa os membros do Consello de Goberno da última sesión da Comisión do Parlamento de Galicia que estuda os efectos do proceso de implantación do Espazo Europeo de Educación Superior, especialmente no que atinxe ao financiamento.

Remata esta quenda de intervencións o Sr. Secretario Xeral, quen intervéñ para informar do nomeamento de dona Amparo Alonso Betanzos como directora en funcións do Departamento de Computación, para substituír por cesamento a don José Luis Freire Nistal, do nomeamento de don Víctor Gulías Fernández como coordinador do Centro de Investigación de Tecnoloxías da Información e da Comunicación (CITIC), e por último, do nomeamento de don Manuel González Penedo como vicedecano da

Facultade de Informática, en substitución precisamente de don Víctor Gulías Fernández.

2. Aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior

Apróbase, por asentimento, a acta da sesión ordinaria do día 27 de setembro de 2007, que estivo a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría dos seus respectivos centros, na Secretaría Xeral da Universidade e na Secretaría Técnica do campus de Ferrol.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir co que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o Sr. Secretario Xeral infórmaos dos 35 convenios que figuran no **anexo III**, que se clasifican en convenios marco (2), convenios específicos (un total de 16) e convenios para prácticas (un total de 17) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

Os convenios en cuestión, que figuran no mencionado anexo, son aprobados por asentimento.

4. Aprobación, se proceder, do Regulamento electoral para elección do reitor

Toma a palabra o Sr. Secretario Xeral, quen intervéñ para dar conta da proposta de regulamento electoral para elección do reitor, que figura no **anexo IV**. Explícalles aos membros do Consello de Goberno, en primeiro lugar, as razóns que xustifican esta proposta de regulamento, que se encontran na necesidade cumprir o que establece para tales efectos a reforma da LOU e a reforma dos Estatutos da Universidade da Coruña. En segundo lugar, dálles conta da finalidade básica desta proposta, que é a de garantir que os órganos colexiados da Universidade da Coruña prevalezan sobre os órganos unipersoais na toma de decisións neste concreto proceso electoral. E por último, dálles conta tamén do contido desta proposta normativa, que mantén a filosofía e os principios básicos doutras normativas electorais da Universidade da Coruña, sinaladamente, a Normativa electoral para a elección do reitor, aprobada en Consello de Goberno do 23 de outubro de 2003 e o Regulamento electoral xeral, aprobado en Consello de Goberno do día 20 de outubro de 2004.

Ábrese unha quenda de intervencións en que participan o Sr. Delgado Martín, quen sinala na súa intervención algúns puntos moi concretos desta proposta sobre os que se necesita reflexionar de cara ao futuro, tales como o feito de que o estudiantado de estudos propios non poida votar e o carácter obrigatorio do desempeño do cargo dos membros das mesas electorais. Conclúe a súa intervención aludindo ao tema do financiamento do proceso electoral, concretamente nas cantidades destinadas a sufragar a realización da campaña electoral por parte das candidaturas que se presenten; cuestión esta a que o Sr. Secretario Xeral lle responde sinalando que hai proposta unha cantidade específica de 6.000 euros por candidatura, que se vai tratar no seguinte punto da orde do día. Inciden, igualmente, os señores Ferreiro Baamonde e Recuero Astray na cuestión da obriga dos membros das mesas electorais, que resultasen elixidos, de cumpriren os seus deberes e este último advirte que hai unha omisión na listaxe das áreas adscritas a cada departamento, pois non figura a área de coñecemento «Historia Medieval».

Logo de emendar esta falta advertida polo Sr. Recuero Astray e tras insistir no carácter obrigatorio do desempeño do cargo dos membros das mesas electorais, de cuxo incumprimento se poden derivar responsabilidades, apróbase por asentimento o Regulamento electoral para elección do reitor que figura no **anexo V**.

5. Convocatoria do proceso electoral de elección do reitor

Neste punto concreto da orde do día, intervén de novo o Sr. Secretario Xeral, que lles explica aos membros do Consello de Goberno a proposta de convocatoria do proceso electoral de elección do reitor que figura no **anexo VI**, a metodoloxía e a cantidade económica destinada a sufragar a realización da campaña electoral por parte das candidaturas que se presenten, que é de 6.000 euros por candidatura.

Ábrese unha quenda de intervencións, en que toman a palabra o Sr. Delgado Martín e a Sra. Vicerreitora de Organización Académica para tratar o tema do peche de matrícula de cara á configuración dos censos. Tamén toma a palabra o Sr. Pérez Castro, quen se interesa pola aplicación informática que vai ser empregada para a materialización do proceso electoral e a necesidade de que tal aplicación informática se adapte no

futuro ás recomendacións Oficina de Software Libre da Universidade da Coruña (OSL).

Apróbase por asentimento a convocatoria do proceso electoral de elección do reitor que figura no citado anexo e a cantidade económica de 6.000 euros destinada a sufragar a realización da campaña electoral por parte de cada unhas das candidaturas que se presenten.

6. Aprobación, se proceder, da regulación que permite exceptuar a regra de incompatibilidade dos artigos 6 a 18 do Regulamento de bolsas da Universidade da Coruña

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Secretario Xeral, quen informa da proposta de modificación do Regulamento de bolsas que consta no **anexo VII**, que trae causa do acordado neste sentido polo Consello de Goberno na súa sesión do día 27 de setembro de 2007.

Apróbanse por asentimento a proposta de regulación que permite exceptuar a regra de incompatibilidade dos artigos 6 a 18 do Regulamento de bolsas da Universidade da Coruña.

7. Licenzas

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen informa da solicitude dunha licenza que figura no **anexo VIII**, formalizada polo Sr. Viña Castiñeiras, profesor do Departamento Tecnoloxías da Información e as Comunicacions, da Facultade de Informática.

Apróbanse por asentimento a licenza.

8. Mestrados e títulos propios da Universidade da Coruña

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica, quen informa da relación de mestrados e títulos propios que figura no **anexo IX** e do seu proceso de formalización. Neste sentido, sinala que, durante o mes de setembro, estivo aberto un prazo para solicitar renovacións de cursos propios de posgrao xa implantados o curso pasado. A Comisión de Estudos Propios de Posgrao reuniuse o 8 de outubro para emitir os informes correspondentes. Agás un curso, todos os demais estaban incompletos e necesitaban modificacións, por esta razón e sempre

coa finalidade de emendar estas eivas se deixou un prazo até o 17 de outubro. A Comisión volveuse reunir e na documentación que se lles entregou coa convocatoria de Consello de Goberno aparecen todas as solicitudes presentadas, agás dúas. Na documentación que se entrega na propia sesión aparece a relación de todas as solicitudes presentadas e tamén as dúas follas resumo de dous cursos que tiñan informe favorable e que os responsables entregaron posteriormente á convocatoria deste Consello de Goberno.

Despois dunha quenda de intervencións en que participa o Sr. Saíz Jabardo, apróbase por asentimento a relación de mestrados e títulos propios que figura no citado anexo.

9. Regulamento de réxime interno do Instituto Universitario de Estudos Irlandeses *Amergin*

Toma a palabra a Sra. Vicerreitora de Investigación para dar conta dos cambios realizados na proposta de regulamento de réxime interno do Instituto Universitario de Estudos Irlandeses *Amergin* tal e como figura no **anexo X**, seguindo para tales efectos as recomendacións formalizadas neste sentido na última sesión do Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento a proposta de regulamento de réxime interno do Instituto Universitario de Estudos Irlandeses *Amergin*.

10. Quenda aberta de intervencións

Toma a palabra o Sr. Rodríguez Fernández para solicitar que nos datos que lles subministre a Universidade da Coruña aos medios de prensa sobre o número de estudantes matriculados nas titulacións se mencione que se trata de datos que non son definitivos, pois no caso contrario pode suceder, como xa ocorreu anteriormente que algunhas titulacións aparezan nos medios de prensa como titulacións deficitarias, cando realmente non é así, que foi o que ocorreu coas titulacións que se imparten no seu centro. En resposta, a Sra. Vicerreitora de Organización Académica indícalle que, neste asunto concreto, sempre se indica que os datos son puramente provisionais, pois o proceso de matrícula aínda non está pechado. Ademais, tense por costume, unha vez que os datos son definitivos por estar pechada a matrícula, informar de novo sobre o número exacto de estudantes

matriculados con todo tipo de explicacións. Toma a palabra o Sr. Rodríguez Fernández para agradecerlle as explicacións á Sra. Vicerreitora de Organización Académica.

Toma a palabra o Sr. Pérez Castro para solicitar que se mellore o sistema de notificación e recepción dos títulos universitarios oficiais, que neste momento semella que economicamente corre por conta do estudantado. Igualmente, pon de manifesto a necesidade de realizar algunhas melloras no sistema que existe para realizar a matrícula por internet a través de XESCAMPUS, pois entende, entre outras cousas, que a seguridade na protección dos datos non está totalmente garantida, á parte do feito de que non se está a aproveitar o traballo que neste sentido está a realizar a Oficina de Software Libre da Universidade da Coruña (OSL), incluso para a elaboración dos horarios cando se proceda á matrícula por internet, que, sempre segundo o Sr. Pérez Castro, non semella ter clara a súa adscrición orgánica para levar a cabo o establecido no plano estratéxico da Universidade da Coruña a propósito desta oficina. En resposta, interveñen a Sra. Vicerreitora de Organización Académica, quen non comparte os citados problemas de seguridade a que se facía antes alusión, na medida en que se trata dun sistema tamén obxecto de auditoría do punto de vista da seguridade na protección dos datos e o Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen sinala que no citado plano estratéxico se recollen distintas accións a respecto da Oficina de Software Libre, cuxa responsabilidade recae en distintas vicerreitorías.

Toma a palabra a Sra. Canosa Ferrío. Comeza a súa intervención indicando que, como hoxe se convocan eleccións, talvez sexa o momento de reflexionar sobre o traballo feito. Sobre o ben feito e sobre o que non estivo tan ben feito. IESGA, como asociación maioritaria de estudantes da UDC fai unha valoración positiva destes catro anos dirixidos por Barja. Desde o que a nós máis nos incumbe como estudantes, as nosas principais reivindicacións, as nosas demandas centrais (que polos anos que levabamos reclamando podemos acusar de históricas) foron realizadas: Regulamento de exames, Tribunal de Compensación, Estatuto do Estudante, entre outras cousas. Cremos, ademais, que todas as decisións que en menor ou maior medida podían afectar ao estudantado foron consensuadas ou enriquecidas coas achegas das persoas representantes de estudantes. O que, vindo de onde viñamos, non nos parece pouco. Pero na construción deste proxecto, desta universidade pública e transparente, afirma a Sra. Canosa Ferrío, non

todos chegaron o mesmo. Houbo quen, ata parece non ter claro o que estes termos significan na xestión diaria dunha universidade.

En IESGA temos moi claro cal é o noso papel como representantes de estudantes, temos moi claro que estes cinco asentos que ocupamos hoxe neste Consello de Goberno son o resultado dunha defensa inquebrantable dos dereitos de todo o estudantado. Que é o estudantado quen nos sentou aquí. Como asociación maioritaria da UDC, non podemos, xa que logo, deixar de denunciar aquelas actuacións que consideramos atentan flagrantemente contra os nosos dereitos e que, polo tanto, nos afastan da universidade que queremos e en que cremos, ademais, que este equipo de goberno, en termos xerais, está construíndo. E cando dicimos «en termos xerais», facémolo intencionadamente porque imos concretar quen ou que vicerreitoría non cumpriu nin coa transparencia, nin cos principios máis básicos de boa xestión. Imos denunciar o que, para nós, supuxo un atropelo dos dereitos do estudantado desta universidade. E queremos facelo aquí e desta forma, para informar á comunidade universitaria e a este equipo de goberno duns feitos que, intuímos descoñecen.

Con data 2 de outubro a Vicerreitoría de Extensión Universitaria publica unha convocatoria de dúas bolsas para apoio e colaboración coa Oficina de Cooperación e Voluntariado. A convocatoria desta bolsa expuña que as condicións que debían reunir os/as estudantes que decidisen solicitar a axuda eran os seguintes: alumnado de 1.º, 2.º e 3.º ciclo da UDC e que se valorarían os seguintes criterios: 1) Nivel alto de galego escrito e falado; 2) Experiencia en xestión de procesos de voluntariado ou cooperación ao desenvolvemento; 3) Campañas de sensibilización; 4) Coñecementos de informática a nivel usuario; e 4) Experiencia en atención directa ao público. Como poden comprobar os membros deste Consello de Goberno, na convocatoria sorprendentemente non existe nin un só criterio de valoración obxectiva dos méritos que se sinalan. Ao non existir naquel momento un Regulamento de bolsas nesta universidade, se esta vicerreitoría cinguiuse a resolución das bolsas a puntuar equitativamente estes requisitos tan sospeitosamente xerais, polo menos dese a oportunidade de concorrer a ela en condicións de igualdade a todos os aspirantes. Pero os acontecementos que se sucederon desde entón parecen deixar claro que esa non era precisamente a intención deste vicerreitor, pois con data 11 de outubro resolve a concesión destas dúas bolsas puntuando os seguintes extremos: expediente académico (0-4 puntos), criterio que non aparecía na convocatoria; e experiencia laboral en xestión de proxectos de cooperación

ao desenvolvemento e voluntariado social e postos de atención ao público.

E coidado que isto parece que soa, pero non é o que lemos na convocatoria. O que esta pide é «experiencia en xestión de voluntariado ou cooperación ao desenvolvemento», non experiencia laboral. E non concreta que esta experiencia teña que ser en voluntariado social. E isto, que parece unha cuestión terminolóxica, ten a súa importancia porque o seguinte criterio que se inventa o vicerreitor neste baremo é: titulación en Socioloxía ou en Educación Social (0-2 puntos), que casualidade. De 0 a 3 puntos por facer cursos relacionados coa cooperación ao desenvolvemento e o voluntariado social, que tampouco aparecen na convocatoria, e de 0 a 3 puntos por colaborar coa área da Oficina de Cooperación e Voluntariado, algo que, por suposto, tampouco se esixía na convocatoria. En total, 12 dos 14 puntos que decidiron o destino desas bolsas correspóndense con méritos que non aparecen nin insinuados na convocatoria. Algúns deles insólitos pola súa concreción e imposible dedución da letra da convocatoria. Pero isto non é todo, porque non só se valoran extremos non incluídos, senón que recorden que na bolsa se pedía un nivel alto de galego escrito e falado e coñecementos de informática que, na resolución da bolsa desaparecen. Non se puntúan.

Presentamos unha reclamación, por suposto, acreditando o que acabamos de explicar e recordando que unha resolución así supón un trato desigual ás persoas candidatas que, obviamente, non puideron deducir o que non constaba na convocatoria e quedaron sen poder acreditar 12 dos 14 puntos. Lembrando que supuña unha violación dos principios de transparencia, participación e boa fe. E recordando que ao adxudicar así as bolsas, malamente poderán servir para eliminar os obstáculos socioeconómicos que dificultan o estudo, porque unha bolsa como esta pouco ten que ver coa equidade ou coa igualdade. Pouco acertada a resolución, e non é de estrañar cando a mesma convocatoria crea un tribunal *ad hoc* para a adxudicación das bolsas cuxas decisións serán inapelables e do que forman parte o vicerreitor, o xefe de Servizo de Extensión Universitaria, o director da Oficina de Cooperación e as técnicas da mesma oficina. E nós preguntámonos que para que serve a Comisión de Extensión Universitaria delegada deste Consello de Goberno en que, ademais, temos representación o estudantado.

Continúo, porque aínda nos queda moita historia por contar. A resolución definitiva que se supón atende a nosa reclamación volve, esta vez xa

inexplicablemente, a regalar a maioría dos puntos. Os mesmos, os reclamados en tempo e forma. Volve puntuar o mesmo elenco de condicións reclamadas, exceptuando a titulación en Socioloxía ou en Educación Social e límítase a puntuar coñecementos de galego e informática, un puntiño cada un, iso si. Que fan os/as representantes do estudantado? Interpoñer un recurso de alzada motivando que non existe nin un só elemento de xuízo que permita discernir as razóns que xustifican a selección, o porque os méritos dun concursante son superiores aos doutro, nin a valoración destes, pois non había unha asignación de puntos a cada mérito. Recibimos contestación e, como non podía ser doutro xeito, a Universidade danos a razón. Porque unha vez que saímos do ámbito de decisión desta vicerreitoría a lei, a transparencia e a igualdade volven ter valor.

Pero estes feitos non viñeron sós, porque se a Universidade lle deu o tirón de orellas correspondente en xaneiro, nos meses que transcorreron ata a resolución do recurso de alzada, esta vicerreitoría continuou publicando convocatorias con idéntico patrón e resolvéndoas co mesmo *modus operandi* (puntuamos méritos que non aparecen na bolsa e non puntuamos os que aparecen) e así sucesivamente ata que esta Universidade lle obrigou a retrotraer as actuacións, ao apoiar o estudantado que se viu afectado e evitando que tales actuacións volvesen producirse.

Por todo isto, IESGA recibiu como unha importante medida o Regulamento de bolsas, que evitará que isto volva suceder. E pensamos que menos mal que ese proxecto de universidade plural e transparente que compartimos pode avanzar a pesar destas sombras. Que menos mal que non depende dunha vicerreitoría que avance a Universidade en que cremos e pola que traballamos.

Consideramos, polo tanto, que a xestión de Luís Caparrós Esperante á fronte da vicerreitoría de Extensión Universitaria e Comunicación pouco ten que ver cos principios de pluralidade, transparencia e participación, senón que o método de xestión de bolsas que parecía querer normalizar ten máis que ver con etapas máis escurantistas desta universidade.

Hoxe convocamos eleccións e cremos que é o momento de calibrar o bo e o malo, as luces e as sombras. Entre as luces: os estudantes temos máis dereitos, entre as sombras: hai quen non os respecta. Por iso, pensamos que quen coas súas actuacións falseou a igualdade, burlou a transparencia e violou a legalidade non merece nin a cadeira de brazos que ocupa nin,

desde logo, que depositemos nel a nosa confianza para seguir nun proxecto futuro. Quédanos o consolo de que a política da Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Comunicación é anecdótica e de que, por agora, o estudantado é escoitado cando denunciámos e secundado cando, como nesta ocasión, temos a razón. Queremos, polo tanto, que conste en acta esta denuncia que nós vehiculizamos, pero que seguro compartirán todos/as os/as estudantes desta universidade. Non cremos que contasen con esta política de bolsas cando apoiaron en masa este proxecto.

Por isto, por lealdade ao estudantado e a un modelo de Universidade estamos seguros/as de que, quen é responsable de feitos (irregularidades máis concretamente) como estes asumirá as responsabilidades políticas correspondentes e, desde logo, esperamos que non teña a oportunidade de continuar con este modelo de xestión nin un só mes máis.

En resposta, intervén o Sr. Vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación, quen sinala que, en efecto, houbo unha actuación irregular na concesión das bolsas de OCV. Afirma que non sabe se lle sorprende á Sra. Canosa Ferrío que diga isto, mais é así. Houbo unha actuación irregular. Antes de continuar, e coa mesma sinceridade, quere dicirlle que agradece que este asunto chegue por fin ao Consello de Goberno, xa que lle permitirá explicar publicamente aquilo que se moveu ata hoxe noutros ámbitos, digamos privados ou de corredor. Só lamenta que tardaran exactamente un ano en facelo e que sexa precisamente no Consello de Goberno de hoxe.

Reitera a constatación de que houbo unha actuación irregular e engade agora que a responsabilidade política desa resolución é súa, xa que foi el quen asinou a resolución. Agora ben, tamén forma parte da súa responsabilidade, das súas obrigas como vicerreitor, corrixir calquera actuación irregular de que teña coñecemento e procurar emendar os erros ou os danos cometidos. E iso foi o que fixo.

Afirma que el, como o secretario xeral, é de letras, e máis de letras ca el, pois non só me perdo cos números, senón tamén coa linguaxe xurídica. Vai atender en substancia á secuencia dos feitos, que seguen puntualmente canto a Sra. Canosa Ferrío dixo. A diferenza, que non é pequena, está nos adxectivos utilizados por ela, pois unha cousa é o plano factual, obxectivo, e outra cousa ben diferente son os adxectivos que acompañan a súa presentación dos feitos.

Con data do 2 de outubro de 2006 apareceu publicada a «Convocatoria de dúas bolsas da UDC para apoio e colaboración da OCV (VEUC), unha no campus da Coruña e outra no campus de Ferrol». No punto 2, «Condicións dos solicitantes», que vostede leu e que eu quero repetir agora, figuraba o seguinte: “Valorarase que teñan un nivel alto en galego escrito e falado, que posúan experiencia documentada en xestión de proxectos de voluntariado ou cooperación ao desenvolvemento, campañas de sensibilización, coñecementos de informática a nivel usuario e experiencia en atención directa ao público”.

A resolución de concesión foi publicada con data do 11 de outubro de 2006. Con data do 17 de outubro recibíuse unha reclamación contra o baremo utilizado na resolución, que este vicerreitor considerou totalmente fundada, como dixo ao principio. A causa, evidente, consistía na disparidade entre os criterios da convocatoria e o baremo utilizado para a resolución. Quere deixar constancia, neste punto, que a súa actuación en todo o caso foi guiada polas suxestións e recomendacións do letrado asesor da Universidade. En consecuencia, este vicerreitor publicou unha resolución definitiva, con data do 25 de outubro de 2006, onde se recolle literalmente o seguinte:

Como queira que na resolución provisional non se ponderaron os méritos configurados na convocatoria referidos a coñecementos de galego e de informática, e atendendo á reclamación presentada por D.^a Azucena Rodríguez Amoroso en tal sentido, procédese agora á rectificación do baremo, axustándoo aos criterios que figuraban na convocatoria: «Valorarase que teñan un nivel alto en galego escrito e falado, que posúan experiencia documentada en xestión de proxectos de voluntariado ou cooperación ao desenvolvemento, campañas de sensibilización, coñecementos de informática a nivel usuario e experiencia en atención directa ao público». Como consecuencia, o baremo queda corrixido nos seguintes termos:

- Expediente académico (0-4)
- Experiencia laboral en xestión de proxectos de cooperación ao desenvolvemento e voluntariado social (0-2)
- Coñecementos de galego (0-1)
- Coñecementos de informática (0-1)
- Cursos relacionados coa cooperación ao desenvolvemento e o voluntariado social (0-3)

- Colaboración en temas de voluntariado social ou cooperación ao desenvolvemento coa área de actividades da Oficina de Cooperación e Voluntariado, incluíndo nela entidades cos mesmos fins e a experiencia en atención directa ao público relacionada con eles (0-3)

En fin, volvíase aos contidos da convocatoria e introducíanse os criterios 3 e 4, de que se prescindira na resolución. Quere precisar que a corrección do baremo non alterou os resultados orixinais, que concedían as bolsas a dona Jara Echarren e a dona Soraya Guerra, nin tampouco substancialmente a orde do conxunto da listaxe. A reclamante, en uso do seu lexítimo dereito, iniciou entón un proceso de reclamacións, mediante un recurso de alzada, que obtivo satisfacción nunha resolución de data 26 de xaneiro de 2007, que non foi do letrado asesor, como ela di, senón deste vicerreitor, quen, previa á do reitor, a asina. Dito doutro modo, o proceso seguiu o seu curso natural e polas canles establecidas que, afortunadamente para nós, garanten a transparencia e os dereitos dos reclamantes. Con ese punto final, asinado por el en xaneiro deste ano 2007 e sen que houbera ningunha nova reclamación ou cambio, o procedemento ficou definitivamente pechado. Con normalidade institucional.

Como ela debe saber pois, segundo o Sr. Vicerreitor, comentouno con ela noutro ámbito en que agora non quere entrar, desde ese momento todas as bolsas convocadas por esta vicerreitoría levan non só criterios, mais tamén baremos puntuados. Non quere deixar de dicir que este modelo non é tan común como puidera parecer. Precisamente, este Consello de Goberno aprobou, co seu total apoio, que é o do equipo de goberno, un Regulamento de bolsas na UDC que pretende acabar coa anterior disparidade de modelos e criterios nas convocatorias de bolsas e coas disfuncións no seu uso. Este é o novo marco en que estamos e polo que debemos felicitarnos.

O Sr. Vicerreitor non quere deixar de manifestar, como último punto, a súa profunda estima por canto IESGA representa na Universidade. Lamenta que non houbera máis diálogo e desde agora reitera a súa disposición a continuar falando, sexa no seu gabinete ou sexa na Comisión de Extensión, a onde, por certo, este tema nunca foi levado.

Toma a palabra o Sr. Cao Abad, quen se interesa por saber se o escrutinio dos votos nas eleccións a reitor será público, ao que lle responde afirmativamente o Sr. Secretario Xeral. Finaliza a súa intervención interesándose por certos problemas de circulación no campus de Elviña, pois hai coches que circulan en sentido contrario. En resposta, o Sr. Reitor

indícalle que se trata dun tema que é competencia do Concello da Coruña, en que a Universidade da Coruña ten moito que dicir, achegando suxestións para poñer fin a tales problemas de circulación.

Remata a quenda de intervencións o Sr. Fernández López, sinalando, sempre a propósito das bolsas a que antes se fixo mención, que agora hai un novo Regulamento de bolsas, que pode axudar na resolución de problemas como o antes indicado, que non se evidencia só nesa vicerreitoría senón tamén noutras moitas vicerreitorías.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:00 h.